



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA MAQUINARIA DA MINICENTRAL HIDROELÉCTRICA DO RÍO TRONCEDA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade instrumental do sector público autonómico, formalizou co Concello de Mondoñedo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre o Inega e o Concello de Mondoñedo, para levar a cabo o proxecto de recuperación da maquinaria da minicentral hidroeléctrica do río Tronceda.

Os traballos a realizar son a restauración e recuperación da maquinaria orixinalmente existente na antiga minicentral hidroeléctrica (recuperación eléctrica e recuperación mecánica), ademais da adquisición de maquinaria e equipos iguais os orixinais ou traslado doutra maquinaria a esta minicentral, fabricación de cadros eléctricos, iguais aos orixinais e ambientación con elementos da época, deixándoa totalmente instalada e posta en funcionamento para demostracións, como museo etnográfico/centro de interpretación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada na sinatura dixital.

